

**A INTERMEDIACIÓN LINGÜÍSTICA POR PARTE DE MENORES NO CONTEXTO GALEGO: UN
FENÓMENO (PRACTICAMENTE) INEXPLORADO**

CONFERENCIA DE MARTA ESTÉVEZ GROSSI

Leibniz Universität Hannover / Universidade de Santiago de Compostela

As actividades de intermediación lingüística (en inglés *language brokering*) supoñen unha actividade normal e cotiá e constitúen unha faceta intrínseca ao comportamento bilingüe ou plurilingüe (Harris 1977; Harris e Sherwood 1978). Porén, as prácticas de intermediación lingüística adoitan estar invisibilizadas, ao igual que as linguas e variedades lingüísticas dos/as migrantes, a pesar de seren frecuentes na vida diaria. A nivel social, estas actividades de intermediación lingüística pódense comprender como unha resposta adaptativa individual, familiar e comunitaria á experiencia migratoria (Weisskirch 2017).

En contextos de migración os nenos/as e mozos/as adoitan aprender a(s) lingua(s) da sociedade de acollida máis rapidamente que os adultos e, deste xeito, tanto os seus familiares coma os profesionais dos diferentes servizos públicos acostuman empregalos/as como intermediadores/as lingüísticos/as. Os contextos nos que se produce a intermediación lingüística por parte de menores (ILM) son diversos, mais as escolas son un dos lugares nos que se dá con máis frecuencia (Angelelli 2016; Crafter, Cline e Prokopiou 2017). Con todo, o profesorado ás veces non é consciente das implicacións de utilizar a ILM sen ter en conta o contexto situacional ou a disposición dos/as rapaces/as involucrados/as (Faulstich Orellana 2017).

Estas prácticas tamén pasaron tradicionalmente desapercibidas ou foron ignoradas dende o ámbito da investigación lingüística e tradutolóxica (Faulstich Orellana 2017), aínda que nos últimos se pode observa un crecente interese nelas. A pesar de existir unha abundante produción académica a nivel internacional, o certo é que os estudos sobre a ILM no Estado español son escasos e a situación da ILM en Galicia continúa a estar practicamente inexplorada.

O obxectivo desta contribución é presentar o estado da cuestión e da investigación existente sobre a ILM a nivel internacional e estatal, así como presentar unha investigación en curso que pretende achegar algo de luz sobre a situación da ILM no contexto galego. A investigación aspira a recoller datos cuantitativos e cualitativos sobre esta práctica, alén de levar a cabo iniciativas de investigación-acción en centros de secundaria no marco das actividades desenvolvidas polo grupo de investigación Metalingüística, do cal a relatora é membro.

SIMPOSIO ILG 2023
CONTACTO DE LINGUAS: IDENTIDADES E IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS
28-30 de novembro
Salón de graos da Facultade de Filoloxía da USC

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Angelelli, Claudia Viviana. 2016. Looking back: A study of (ad-hoc) family interpreters. *European Journal of Applied Linguistics* 4 (1), 5-31. <https://doi.org/10.1515/eujal-2015-0029>.
- Crafter, Sarah, Tony Cline & Evangelia Prokopiou. 2017. Young Adult Language Brokers' and Teachers' Views of the Advantages and Disadvantages of Brokering in School. En Robert S. Weisskirch (ed.), *Language Brokering in Immigrant Families*. 224-243. Oxford: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9781315644714-12>
- Faulstich Orellana, Marjorie. 2017. Dialoguing across differences: the past and future of language brokering research. En Rachele Antonini, Letizia Cirillo & Ira Torresi (eds.), *Non-professional Interpreting and Translation: State of the art and future of an emerging field of research*. 65-80. Benjamins. <https://doi.org/10.1075/btl.129.04ore>.
- Harris, Brian. 1977. The importance of natural translation. *Working Papers on Bilingualism* 12, 96-114.
- Harris, Brian & Bianca Sherwood. 1978. Translating as an Innate Skill. En David Gerber & H. Wallace Sinaiko (eds.), *Language Interpretation and Communication*. 155-70. New York/London: Plenum Press.
- Weisskirch, Robert S. 2017. Future Directions for Language Brokering Research. En *Language Brokering in Immigrant Families*. 294-305. Oxford: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9781315644714-15>.